

Para Vilasánchez e Hermo o torneo Ribeira-Congalsa

TENIS No torneo Ribeira-Congalsa, na Pista do Canaveiro disputouse o pasado domingo unha boa final entre César Vilasánchez (Ares-Ferrol) e o ribeirense Jorge Oujo, cunha clara vitoria para o xogador das rías altas aínda que o de Aguiño deu a cara: 6-0, 6-0.

No torneo feminino, a boirense Laura Hermo vencía nun partido longuísimoo e agónico á madrileña Noelia Redondo por 6-7/7-6/10-2 no *maxi tie-break*. Nas semifinais cedían a viguesa Lucía Rodríguez e a boirense Irene Lago. Xogaron un total de 24 tenistas. **ECG**



Os finalistas en categoría masculina, cos trofeos. Foto: ECG

Gouveia acogerá la fase final del Trial de las Naciones

MOTOS Gouveia, localidade portuguesa situada en el Distrito da Guarda, volverá a ser escenario de las grandes citas internacionales del mundo del motor de las dos ruedas. Tras un año en blanco, debido a la COVID-19, Talentos Objetivos es la organizadora, del 17 al 19 de sep-

tiembre, de la última fase del Trial de Las Naciones, por concesión de la Federación Internacional de Motociclismo, que reconoce el buen hacer del club luso, asesorado por la Peña Motos Val Miñor, con una gran experiencia en este tipo de pruebas. A la gran cita se sumará la organización del Campeonato del Mundo femenino en las categorías Trial GP Women y Trial 2 Women. **ECG**

Javier Ramilo gaña un gran IV RaliMix Concello de Touro

O piloto da escudería Yacar Racing aproveitou a saída de pista de Abel Jurado, líder o sábado



SUPERIOR Javier Ramilo, en un momento de su participación en el rali. Foto: Adri Sánchez

JAVIER ROUCO
Fonte Díaz

O piloto Javier Ramilo é o vencedor do IV RallyMix Concello de Touro que se disputou durante a pasada fin de semana nas estradas de terra e asfalto da parroquia de Loxo. O piloto da escudería Yacar Racing, gañador tamén do III RallyMix Concello de Touro disputado no 2019, revalidou a vitoria tras a saída de pista na cuarta manga de Abel Jurado, piloto asturiano que pechou a xornada do sábado, 28 de agosto, como líder da proba valedeira para o Campionato de Galicia RallyMix 2021 e un dos principais favoritos.

Javier Ramilo *Kobas* aventaxou en 12.5 segundos a Daniel Remuñán, da escudería Yacar Racing, que aos mandos dun YacarCross, ocupou o segundo lugar na clasificación final dunha proba que

contou con numeroso público chegado de toda Galicia. Jacobo Andújar, da escudería Estradense, co seu Kincar ocupou o terceiro lugar. O piloto de Touro David González, que representou á Escudería Touro Motor cun Kincar, quedou no posto 14º na clasificación xeral.

Pola súa banda, na categoría de turismos, Marcos Canedo, da escudería Agrupación Deportiva Noroeste e cun Peugeot 206 N5, foi quen de aguantar a presión de José

'Kobas' aventaxou en 12.5 segundos a Daniel Remuñán, nunha proba con numeroso público

En turismos o vencedor foi Marcos Canedo, da escudería A.D. Noroeste cun Peugeot 206 N5

Fernández Gay, que tivo unha espectacular saída de pista, na que afortunadamente tanto él como o seu copiloto, Juan Brun, non sufriron danos. A peor parte levouna o VW Polo GTI R5 de AR Vidal Racing. A segunda praza da Clase B (carrozados) foi para Tino Iglesias, de Desgüace Tino Racing, que co seu Ford Fiesta N5 superou a Manuel Osorio, da mesma escudería, que quedou en terceira posición co Peugeot 208 R5.

As dúas xornadas do IV RallyMix Concello de Touro aportaron espectáculo nas estradas que conformaron o circuito na parroquia de Loxo. Participaron casi 70 pilotos nesta proba organizada pola escudería Touro Motor co apoio da Federación Galega de Automobilismo, da Xunta de Galicia e do Concello de Touro e valedeiro e puntuable para o Campionato de Galicia RallyMix 2021.

O Nacional en Valdoviño afianza a Galicia no posto de capital do surf

Lete Lasa e Nava Castro participan na posta de largo do evento, que terá lugar ata o domingo

Santiago. O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, participaron onte na presentación do Campionato de España de Surfing 2021 que terá lugar ata o 5 de setembro na praia da Frouxeia, en Valdoviño. Este é o segundo ano consecutivo no que Valdoviño acolle o Nacional, que rematará a fin de semana que vén co Campionato de España por comunidades autónomas do que Galicia foi campioa en 2018 e 2019.

Lete destacou a importancia de Galicia como capital nacional e mesmo internacional do surf, subliñando que a federación galega, a española e a delegación nacional da World Surf League teñen as súas sedes en Galicia. Resaltou tamén a importancia dos principais eventos de surf que se celebran en Galicia como o Pantín Classic, o Junior Qualifying Series 1.000 Gadis Pro



Foto de familia dos participantes na presentación do Campionato de España de Surfing 2021, en Valdoviño. Foto: S. E.

Ferrol ou o propio Campionato de España de Surfing.

Lete Lasa destacou aos deportistas galegos que levan acadando grandes resultados nos últimos anos: Gony Zubizarreta ou Vicente Romero, e outros que os seguen como Esperanza Barreras, bicampeo mundial de SUP e que está piques de conseguir o centro europeo da especialidade.

O esforzo das institucións e federacións debe orientarse cara a tecnificación deste deporte en Galicia para acadar representación olímpica para os vindeiros Xogos en París no ano 2024, apuntou.

Nava Castro referiuse ao labor que vén desenvolvendo desde hai anos a Xunta a prol da consolidación de Galicia coma destino turístico no eido do surf, tanto na identificación e promoción dos lugares máis idóneos para a súa práctica, "como no apoio á creación de infraestruturas e á organización de acontecementos que nos prestixien nos ámbitos nacional e internacional".

Destacou a iniciativa Galicia surfing, oferta de turismo activo e sustentable para os 1.500 quilómetros da costa galega posto en marcha con éxito hai uns anos. **ECG**

Taboada y De la Hera, favoritos en la Triple Corona Illas Atlánticas

Se celebra este sábado la tercera prueba del certamen entre la isla de Ons y Combarro

Pontevedra. El gallego Alberto Taboada y la vizcaína Andrea de la Hera serán los rivales a batir en la tercera prueba de la Triple Corona Illas Atlánticas, el sábado 4 de septiembre entre la isla de Ons y Combarro con un recorrido de 23 kilómetros.

Hasta 120 nadadores procedentes de Portugal, México y España participaran en esta travesía a nado -una de las

más duras de Europa-, de los cuales 85 aspiran a completar la segunda edición y sumar 57 km en tres años.

"La Triple Corona Illas Atlánticas va más allá de ser un evento deportivo, queremos promocionar también el turismo, la cultura y el patrimonio de las Rías Baixas en una edición en la que se conmemora el Año Santo Xacobeo", dijo Beatriz Alvarino, de la organización, en la presentación de la prueba.

Durante la prueba se aplicará un estricto protocolo sanitario para evitar contagios y se contará con el apoyo de la

asociación Vodea con más de 30 voluntarios, que velará por el cumplimiento de las medidas de seguridad: uso de la mascarilla, distancia social y desinfección de manos.

El pistoletazo de salida se dará a las 8:40 horas en la playa de Area dos Cans, en la isla de Ons, con la salida del primer grupo naranja (lento) integrado por 33 nadadores.

El segundo, con 32 nadadores, lo hará a las 09:10 horas; el tercero con 21, a las 09:30; el cuarto, con 27, a las 09:50; y el último, el más rápido formado por siete nadadores, a las 10:10 horas. **D. MOLDES**